

**CONCELLERIA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR  
SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA**

Expediente: 360/2020/361 36014I01CB

Referencia:RCG

**RESOLUCIÓN PARA ADOPTAR INSTRUCCIONES RESPECTO DO RATEO DA TAXA DE LIXO CONSECUENCIA DA COVID 19**

Mediante resolución da Alcaldía do 12 de marzo do 2020, acordouse a declaración de extraordinaria e urgente necesidade como consecuencia da pandemia declarada polo COVID19, e dispúxose a adopción das medidas necesarias para fazer fronte á crise sanitaria actual, delegando no Concelleiro de Economía, Facenda e Régime Interior, a firma das resolucións que procedan.

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declara no territorio nacional o estado de alarma para fazer frente a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada pola COVID-19.

O artigo 10 do antedito Real Decreto contempla as medidas de contención no ámbito da actividade comercial, equipamentos culturais, establecementos e actividades recreativas, actividades de hostalería e restauración, e outras adicionais. A redacción deste precepto dispón:

*"1. Se suspende la apertura al público de los locales y establecimientos minoristas, a excepción de los establecimientos comerciales minoristas de alimentación, bebidas, productos y bienes de primera necesidad, establecimientos farmacéuticos, sanitarios, centros o clínicas veterinarias, ópticas y productos ortopédicos, productos higiénicos, prensa y papelería, combustible para la automoción, estancos, equipos tecnológicos y de telecomunicaciones, alimentos para animales de compañía, comercio por internet, telefónico o correspondencia, tintorerías, lavanderías y el ejercicio profesional de la actividad de peluquería a domicilio. En cualquier caso, se suspenderá la actividad de cualquier establecimiento que, a juicio de la autoridad competente, pueda suponer un riesgo de contagio por las condiciones en las que se esté desarrollando.*

*2. La permanencia en los establecimientos comerciales cuya apertura esté permitida deberá ser la estrictamente necesaria para que los consumidores puedan realizar la adquisición de alimentos y productos de primera necesidad, quedando suspendida la posibilidad de consumo de productos en los propios establecimientos.*

*En todo caso, se evitarán aglomeraciones y se controlará que consumidores y empleados mantengan la distancia de seguridad de al menos un metro a fin de evitar posibles contagios.*

*3. Se suspende la apertura al público de los museos, archivos, bibliotecas, monumentos, así como de los locales y establecimientos en los que se desarrollen espectáculos públicos, las actividades deportivas y de ocio indicados en el anexo del presente real decreto.*

*4. Se suspenden las actividades de hostelería y restauración, pudiendo prestarse exclusivamente servicios de entrega a domicilio.*

*5. Se suspenden asimismo las verbenas, desfiles y fiestas populares.*

*6. Se habilita al Ministro de Sanidad para modificar, ampliar o restringir las medidas, lugares, establecimientos y actividades enumeradas en los apartados anteriores, por razones*

## Servicio de Gestión Tributaria

*justificadas de salud pública, con el alcance y ámbito territorial que específicamente se determine.”*

Posteriormente mediante Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo, modifícase o apartado 1 do artigo 10 do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, quedando redactado da seguinte forma:

*«1. Se suspende la apertura al público de los locales y establecimientos minoristas, a excepción de los establecimientos comerciales minoristas de alimentación, bebidas, productos y bienes de primera necesidad, establecimientos farmacéuticos, sanitarios, centros o clínicas veterinarias, ópticas y productos ortopédicos, productos higiénicos, prensa y papelería, combustible para la automoción, estancos, equipos tecnológicos y de telecomunicaciones, alimentos para animales de compañía, comercio por internet, telefónico o correspondencia, tintorerías, lavanderías y el ejercicio profesional de la actividad de peluquería a domicilio. En cualquier caso, se suspenderá la actividad de cualquier establecimiento que, a juicio de la autoridad competente, pueda suponer un riesgo de contagio por las condiciones en las que se esté desarrollando.»*

A crise sanitaria provocada polo COVID-19 cambiou por completo o escenario económico mundial. As medidas de distanciamento físico e limitacións á mobilidade, necesarias e efectivas para controlar a transmisión do virus, teñen un enorme impacto na actividade produtiva e o benestar dos cidadáns. Estes efectos deixáronse notar tanto na oferta, con severas dificultades para as cadeas de suministracións e o peche temporal de negocios, como na demanda doméstica e externa, cunha importante repercusión sobre algúns sectores como o turismo ou a hostalería, esenciais para a economía española. O peche temporal de negocios, as restricións á libre circulación ou a suspensión de actos públicos teñen un inevitable impacto sobre as empresas, que desempeñan un papel central na creación de emprego e riqueza para o conxunto do país. En tan críticas circunstancias, preservar o tecido produtivo e atender ás dificultades transitorias das empresas é unha prioridade para superar as consecuencias desta pandemia. A magnitude do impacto deste shock exógeno sobre a economía non ten precedentes na historia recente. A contracción económica afecta a un gran número de países, tanto na zona euro como no conxunto da UE e o resto do mundo, con caídas da actividade global que o Fondo Monetario Internacional, nas súas previsións económicas actualizadas para o mes de xuño, estima no -4,9 % en 2020. Todo apunta a unha intensa caída do Produto Interior Bruto de España na primeira parte do ano, especialmente no mes de abril, no contexto de fortes medidas de limitación da mobilidade para lograr conter a expansión do virus. Para facer fronte a esta situación, o Goberno do estado puxo en marcha unha batería de medidas desde o mes de marzo para apoiar o tecido produtivo e social, minimizar o impacto negativo e lograr sostener unha base sobre a que impulsar ao máximo a actividade económica unha vez finalizada a alarma sanitaria. Mediante os Reais Decretos-lei 7/2020, do 12 de marzo, 8/2020, do 17 de marzo, 11/2020, do 31 de marzo, e 15/2020, do 21 de abril, implementáronse un conxunto de medidas de apoio á liquidez, laborais e de sostento de rendas, con especial atención aos autónomos.

Así pois, na liña das medidas adoptadas polo Estado central, o Concello da Coruña, mediante Resolución da Alcaldía de data 12 de marzo de 2020 dita as Instrucións de medidas fiscais a adoptar con ocasión da pandemia da COVID-19.

A tal fin e en aras a minimizar o impacto xerado polo estado de alarma, procede seguir sinalando medidas que consigan apoiar aos establecementos comerciais e de hostalería situados na cidade, establecendo un sistema de rateo da taxa de lixo para este exercicio 2020, onde se interpretará como cesamento de actividade a efectos do artigo 6 da



**CONCELLERIA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR  
SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA**

Expediente: 360/2020/361 36014I01CB

Referencia:RCG

ordenanza fiscal reguladora da taxa de lixos do Concello da Coruña, o comprendido ao menos entre o período do 15 de marzo ao 11 de maio do ano 2020, e que terá como máximo o período ata o final do primeiro estado de alarma terminado pola pandemia no territorio nacional ata o 21 de xuño de 2020.

De esta forma os establecementos comerciais, de hostalería recollidos nos epígrafes que se sinalan no anexo que lle acompaña a este documento, e que cumpran ademais os seguintes requisitos terán dereito a solicitar o rateo da taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos sólidos urbanos.

**REQUISITOS**

- a) Que o domicilio fiscal e o centro de traballo da actividade que sexa obxecto da axuda en cuestión estea situado na Coruña.
- b) Que dispoña do alta no Imposto sobre Actividades Económicas (IAE), nos epígrafes de IAE recollidos no Anexo I destas bases, en calquera dos grupos A) ou B) conforme ao establecido no artigo 10 do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo de actividades consideradas non esenciais.
- c) Que conte cun expediente de regulación temporal de emprego ERTE motivado polo Covid19, de acordo ao establecido no art.º 22 Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, ou sexa titular da prestación extraordinaria por cesamento de actividade para as persoas, afectadas pola declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, regulada no artigo 17 da Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, cuxas actividades quedasen suspendidas.
- d) No caso de que se trate de persoas xurídicas, que estea definida como microempresa Entenderase como microempresa a definición do artigo 2.3 da Resolución do 27 de decembro de 2004 pola que se fai pública a nova definición de microempresas, pequenas e medianas empresas que, en cumprimento da Recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003, rexerán a partir do 1 de xaneiro de 2005 nos programas e convocatorias do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape). (DOG N°11 do 18/01/05)
- e) No caso de que sexa persoa física DEBERÁ
  - desenvolver unha actividade económica a título lucrativo
  - ter un persoal medio de empregados inferior 10 persoas
  - que o seu activo ou o seu volume de operacións, sexa inferior ao millón de euros

**Non terán dereito ao rateo da taxa os contribuíntes que teñan a condición de -Fundacións e as Asociacións con ou sen ánimo de lucro.**

## **Servicio de Gestión Tributaria**

Tampouco poderán solicitar o rateo as entidades dependentes ou participadas en máis dun 25% por entidades públicas pertencentes ao Sector Público (entendendo por tal as entidades incluídas no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014), por Entidades sen ánimo de lucro, por sociedades patrimoniais e/ou por Colexios profesionais

Así pois, tendo en conta a delegación da Alcaldía do 12 de marzo de 2020 e por canto antecede,

### **DISPOÑO**

Estimar as solicitudes de rateo da taxa de lixo para este exercicio 2020, onde se interpretará como cesamento de actividade a efectos do artigo 6 da ordenanza fiscal reguladora da taxa de lixos do Concello da Coruña, o comprendido ao menos entre o período do 15 de marzo ao 11 de maio do ano 2020, e que terá como máximo o período ata o final do primeiro estado de alarma motivado pola COVID 19 no territorio nacional, 21 de xuño de 2020, conforme as condicións e requisitos que se sinalan no corpo desta proposta e para os epígrafes do anexo que se achega a continuación.

A Coruña na data de sinatura electrónica do documento

**O Concelleiro de Economía, Facenda e Régime Interior  
(P.D. Alcaldía, Decreto de 12 de marzo de 2020)**  
**José Manuel Lage Tuñas**